



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 73-2024.

CONTROL FGA AL – 20/04/2024 – Mañá

- **A todas as Delegacións da FGA**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 20 de abril de 2024 en horario de mañá nas pistas de Balaídos (Vigo).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.

- Reservarase un 50% das prazas para atletas que non teñan marca, dende o 1 de abril de 2023, sendo as prazas restantes para as mellores marcas en dito período.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 15 de abril.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas en pista dende o 1 de abril de 2023.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 12:00 horas do mércores 17 de abril e serán remitidas a control@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Nos concursos os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.



Art.7).- Horario Provisional

CONTROL FGA - 20/04/2024 MAÑÁ			
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE	DISCO
10:00			Homes e Mulleres S20 a Master
11:10	800	Abs Homes	
11:30	800	Abs Mulleres	
11:50	1000	S16 Homes	
12:10	1000	S16 Mulleres	
12:30	100	Abs Homes	
12:50	100	Abs Mulleres	
13:10	400 mv	Abs e Sub 18 Homes	
13:20	400 mv	Abs Mulleres	
13:30	300 mv	Sub 16 Mulleres	
13:45	300 mv	Sub 16 Homes	

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a control@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo control@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 9 de abril de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo